



Concello de Noia

RESOLUCIÓN DA CONCELLLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA

Vistas as Bases reguladoras das axudas, aprobada na sesión plenaria celebrada o día 30 de setembro de 2021 e publicadas no BOP núm. 192, de 7 de outubro

Vistos os artigos 20.2 da Lei galega de subvencións e o 23.2 da Lei xeral estatal, reguladores da convocatoria das axudas concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

No uso das competencias atribuídas á Alcaldía, pola Lei de bases do réxime local e pola normativa aplicable en materia de subvencións, así coma vista a delegación realizada na Concellería de económica e facenda, mediante a resolución núm. 2019-1648, do 17 de xuño, esta concelleira

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para o curso 2021-2022 das axudas para o transporte de estudantes, en réxime de concorrencia competitiva, nos seguintes termos:

Primeiro: Obxecto e finalidade das axudas.

A presente convocatoria ten por obxecto especificar as normas reguladoras para a concesión de axudas; estas axudas se concederán en réxime de concorrencia competitiva, e persiguen o financiamento do transporte daqueles alumnos, maiores de 20 anos, que cursen estudos universitarios ou de ciclos de formación en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Muros, Porto do Son, Pobra do Caramiñal, Bertamiráns, Padrón, Riveira, Boiro, Rianxo, Negreira ou Vilagarcía de Arousa; ou se despracen para a realización de calquera tipo de actividade formativa en asociacións ou centros dirixidos a persoas con discapacidade para o vindeiro curso académico.

O inicio do curso académico considerarase no mes de outubro e o remate no mes de xuño (tres trimestres).

Dita subvención materializarase a través de ingresos trimestrais na conta bancaria que indique o beneficiario, conta na que deberá figurar como titular.

Segundo: Bases Reguladoras

A presente convocatoria se rixe polas Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 192, do sete de outubro de 2021, dispoñible en:

<https://bop.dacoruna.gal/bopportal/cambioBoletin.do?fechaInput=07/10/2021>

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 9WSQYJWFWWQSY2XS9ESLYPPX | Corrección: https://noia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



Concello de Noia

Así mesmo, atópanse publicadas no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Noia (<https://noia.sedelectronica.gal/transparency>) e na web municipal (<http://www.noia.es>).

Terceiro: Contía das axudas

As axudas ascenderán a unha cantidade trimestral fixa, segundo a cidade na que se desenvolvan os estudos dos beneficiarios, que se relaciona no seguinte cadro:

DESTINO	AXUDA
Boiro	18,00 €
Outes	18,00 €
Porto do Son	18,00 €
Pobra do Caramiñal	24,00 €
Padrón	30,00 €
Muros	30,00 €
Bertamiráns	36,00 €
Riveira	36,00 €
Rianxo	36,00 €
Santiago	36,00 €
Negreira	54,60 €
Vilagarcía de Arousa	76,80 €
Pontevedra	102,00 €
A Coruña	114,00€
Vigo	126,00 €
Ferrol	132,00 €
Ourense	144,00 €
Lugo	144,00 €

Cuarto: Dotación orzamentaria.

As axudas concedidas mediante a presente convocatoria serán imputadas á partida 326 48000 "Servizos complementarios educ. Axuda libros/comedor/transporte".

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 9WSQYJWFWWQSY2XSA9ESLYPPX | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



Concello de Noia

Ditas axudas pagaranse de xeito progresivo e por trimestre vencido(o primeiro pago realizarase no mes de xaneiro, o segundo pago no mes de abril e o último pago se realizará no mes de xullo do ano 2022), ata completar unha bolsa anual de 24.000 €.

Quinto: Presentación das solicitudes e prazo.

As solicitudes destas axudas axustaranse ao modelo establecido que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e tamén estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica do Concello.

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polos interesados, farase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberanse presentar no **prazo de quince días hábiles**, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, data na que se dará publicidade no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Noia.

Sexto: Requisitos e documentación necesaria para a súa acreditación que se achegará xunto á solicitude.

Os requisitos para acceder a esta axuda están detallados na cláusula quinta das bases e se reiteran neste intre:

- a. Ser maior de 20 anos.
- b. Estar empadroado no Concello de Noia, cun mínimo de 6 meses de antigüidade.
- c. Cursar calquera das actividades formativas que sexan obxecto da presente convocatoria, mantendo a matrícula todo o curso académico.
- d. Os ingresos brutos per capita da unidade familiar non poderán superar 1,5 veces o salario mínimo interprofesional anual correspondente ao 2019.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) do solicitante.
2. Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente ao exercicio 2019. No caso de non estar obrigado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741





Concello de Noia

(AEAT) a presentala, deberá achegar certificación emitida ao respecto pola AEAT; de non ter tributado en España, deberán achegar a declaración da renda ou imposto equivalente no país correspondente; de non constar ningún dato, deberá xustificar os ingresos familiares mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos, todos eles referidos ao exercicio 2019:

- Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego.
 - Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.
 - Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social de minusválidos.
 - De non ser posible a presentación de ningún destes documentos, deberase achegar informe ao respecto do departamento de Servizos Sociais.
3. Certificación bancaria que acredite a titularidade do solicitante da conta na que se efectuarán os ingresos correspondentes á axuda.
4. Acreditación da axuda para os fins previstos, a través da seguinte documentación:
- a) Matrícula oficial de estudos.
 - b) Certificado ou similar de asistencia a actividades formativas en asociacións para persoas con discapacidades.
5. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentara un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da capacidade económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ao exercicio anterior á convocatoria do vindeiro curso académico, así coma a correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria do vindeiro curso académico (coa finalidade de acreditar o deterioro). Así mesmo, deberán acreditar documentalmente o motivo do deterioro económico (despido, liquidación empresarial, etc.)

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 9WSQYJWFWWQSY2XS9AESLPPX | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



Concello de Noia

En calquera caso, é **obrigada a acreditación dos ingresos ou da súa inexistencia**, ben mediante a documentación antes citada ou mediante o correspondente informe sociofamiliar, de tódolos membros que forman a unidade familiar.

Sétimo: Criterios de concesión.

As presentes axudas concederanse seguindo o criterio da renda per capita da unidade familiar; ordenaranse as solicitudes de menor a maior renda per capita anual e se concederán ata que se finalice a consignación prevista.

Oitavo: Órgano de instrucción e resolución. Prazo de resolución e notificación. Reformulación

O órgano instrutor será a concelleira delegada de economía e facenda que ditará a proposta de resolución provisional.

Durante o prazo de alegacións regulado na base oitava cunha duración de dez días, será posible reformular a solicitude (modificándoa), no caso de terse formalizada a amtrícula nunha localidade diferente á inicialmente previsto.

O alcalde será o competente para ditar a resolución de concesión definitiva.

A resolución ditarase no prazo máximo de tres meses desde a data de finalización da presentación das solicitudes.

Deberá ser notificada aos interesados para que no prazo máximo de dez días realicen a aceptación da axuda. Esta notificación realizarase de forma colectiva mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello, identificando cada beneficiario co número de rexistro de entrada da solicitude.

A resolución definitiva da concesión porá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante concelleira de economía e facenda, no prazo dun mes contado desde o día da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuíxo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se etime pertinente

Noveno: Prazo de xustificación

Durante os meses de agosto e setembro do ano 2022, o Concello de Noia verificará o cumprimento da finalidade da axuda concedida para o que deberá quedar acreditado o feito de que o beneficiario asistiu ás actividades formativas que serviron de base para a concesión da axuda.

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 9WSQYJWFVWQSY2XS9ESLYPPX | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



Concello de Noia

Antes do remate do mes de setembro, o beneficiario deberá xustificar que ten superado o 25% dos créditos matriculados, quedando excluídos os créditos convalidados, recoñecidos ou adaptados.

No caso de non poder acreditar os devanditos extremos, procederá o reintegro das cantidades percibidas, máis os xuros de demora correspondentes.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto no Boletín oficial da provincia da Coruña, así coma no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Noia.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á Intervención e ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

CUARTO.- A presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra a mesma se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A concelleira delegada

A secretaria

María Laura Salgado García

Lucía Artime Alonso.

Asinado dixitalmente á marxe

Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741



Cod. Validación: 9WSQYJWFWWQSY2XS9ESLYPPX | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6